

LIMIAR

O lume nos montes galegos é tan antigo coma a propia agricultura. Mesmo se podería falar dunha certa convivencia do home co lume mentres o monte foi soporte da fertilidade das terras e as estivadas fornecían de cereal. A partir da segunda metade do pasado século e co abandono destas prácticas e a progresiva desertización do campo, o mato volveu ocupar os montes e un certo absentismo foise impondo na propiedade forestal; como consecuencia de todo iso e dalgunhas causas máis, cando os veráns viñan malos pola seca e os ventos, o lume espallábase polos montes e milleiros de hectáreas de árbores e mato volvíanse cinza e miseria.

As comunidades de montes que foron xurdindo devolvéronlle un certo sentido de pertenza e dignidade ao monte e frearon en parte e nalgunhas zonas esta degradación; así mesmo os servizos especializados que se crearon contra os incendios forestais aumentaron dun xeito significativo a eficacia das extincións. Aínda así, o número de incendios apenas diminuíu, o que nos sinala que moitas das causas estruturais dos lumes nos montes galegos seguen existindo.

Despois da longa e intensa estiaxe deste ano 2005, que favoreceu un incremento moi importante dos incendios forestais en Galicia, a sensibilidade colectiva sentiuse, unha vez máis, fundamentalmente magoada polas tráxicas experiencias e impresións que viviu, ao tempo que a fría contabilidade empeza a dar conta das inxentes perdas materiais, algunhas delas irreversibles, como as

do solo, que comeza a marchar cara ao mar coas primeiras chuvas do outono.

Nestas xornadas que organizou o Consello da Cultura Galega tentouse, unha vez máis, ofrecerlle á sociedade galega un foro de reflexión sobre este importante problema, un dos máis graves que aínda están sen resolver. Para loitar co lume hai unhas medidas a curto e medio prazo que dependen dos servizos contra os lumes e das accións preventivas que se poñan en marcha. Pero hai outras a máis longo prazo que atinxen fundamentalmente os valores, tanxibles e intanxibles, que se poñen en xogo e que, polo tanto, se deben entender como unha acción cultural de cara a toda a sociedade, algo moi propio e pertinente no campo de actividade deste Consello.

Francisco Díaz-Fierros
Plácido Baamonde
Coordinadores